

Secundaria



Áreas



XEOGRAFÍA  
E HISTORIA



BIOLOXÍA  
E XEOLOXÍA



LINGUA  
E LITERATURA




VALORES  
SOCIAIS  
E CÍVICOS

# Divértete en ecoline

---

## Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

1. Recoñecer a necesidade da reciclaxe nunha cultura de sostibilidade.
2. Aprender a buscar información veraz online e offline.
3. Asumir o papel de consumidor crítico e concienciado ecoloxicamente.
4. Transmitir o coñecemento adquirido a outros.
5. Implicarse efectivamente na recollida e separación de residuos de envases.




## Divértete en ecoline

### ● Esta actividade é para...

Utilizar as tecnoloxías da información e as redes sociais en favor dunha causa como a ecolóxica. Divertirse e integrar coñecementos. Ensinar e contaxiar a outros o entusiasmo por reciclar.

### ● Que necesitamos?

Computadores con conexión a internet, perfís de Facebook e teléfonos móbiles.



### ● Que imos facer?

Organizamos unha cadea de retos de reciclaxe en Facebook. Cada participante retará a outros tres a reciclar algo “difícil”, non evidente. Por exemplo, unha caixa de auriculares con exterior de cartón, portelo de plástico, un soporte plástico onde encaixan os auriculares e un libriño de instrucións... Ou un bote de plástico de fideos instantáneos envolto en papel e tapa de aluminio.

Se non o fai, deberá convidar a merendar. E cada vez, “nomeará” a tres novos amigos a facelo. Sempre responderán explicando qué reciclaron, con fotos facéndoo.

### Seguimos?

Podemos organizar un grupo de Whatsapp con ideas de reciclaxe, fotos, onde preguntar dúbidas... Utilizar a reciclaxe como tema de entretemento: crear pasatempos, desde sopas de letras a encrucillados, textos en columnas movedizas, debuxos ou fotos de sete diferenzas, xeroglíficos ou tests... Pódese motivar publicándoas na web ou a revista escolar cun concurso e premios aos mellores.

## Divírtete en ecoline

## ● Esta actividade é para...

Reforzar o compromiso ambiental dos alumnos e a súa participación nunha linguaxe próxima, como o blog do centro ou da clase.


## ● Que necesitamos?

Blog (desde a web do centro ou a partir de editores gratuítos).

Descubride un exemplo no noso blog **Amarelo, Verde e Azul** ou seguídenos en Twitter **@amareloverdeezul** e comentade nosas noticias ou compartide as vosas.

## ● Que imos facer?

Entradas breves no blog para explicar a historia da reciclaxe, anécdotas ou noticias curiosas do mundo da reciclaxe. Vincular a unha conta de Twitter ou a unha páxina de Facebook creada para o grupo.



## Seguimos?

Convocar unha recollida de lixos nunha contorna natural próxima. Os social media son ideais para mobilizar ao redor dunha boa causa. Se vos poñedes de acordo nun día e hora, pedide que os vosos amigos e familiares retuiteen para ampliar a convocatoria. O día en cuestión, levade os envases recolleitos ao seu colector para darlles unha segunda oportunidade.